



**Federación Galega de Atletismo**  
Avda. Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA  
Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056.  
Correo: [comitegalegoxuices@gmail.com](mailto:comitegalegoxuices@gmail.com)  
Páxina Web: <http://www.fgalletismo.es/cgx/>  
<http://www.atletismogalego.com>



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE  
GALEGO**

Recoñecida entidade de utilidade pública, Lei 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

## **COMITÉ GALEGO DE XUÍCES**

### **CIRCULAR Nº 5/2017**

Asunto: **MODIFICACIÓN REGULAMENTO INTERNO DO COMITÉ GALEGO DE XUÍCES**

O Comité Galego de Xuíces fai público o Regulamento Interno, trala modificación e aprobación por parte da Xunta Directiva do CGX.

Dito Regulamento Interno estra en vigor na data de publicación desta circular.

A Comisión Permanente do CGX queda formada polos seguintes membros:

- Presidente: Eloy Bretal Cancelas
- Secretario: Guillermo Sandino Leira (sen voto)
- Vocal: Begoña Rodríguez Quintía
- Vocal: Manuel Garrido Toro
- Vocal suplente: Rocío López Schmidt

A Coruña, 16 de Marzo de 2017

Vº Bº  
O SECRETARIO XERAL  
Asdo./ Víctor Arufe Giráldez  
(no orixinal)

PRESIDENTE DO C.G.X.  
Asdo./ Eloy Bretal Cancelas  
(no orixinal)

## ANTECEDENTES

Segundo o Regulamento do Comité Galego de Xuíces, no seu artigo 17:

*Os Xuíces do Comité Galego de Xuíces, polo feito de tramitar voluntariamente a licenza, están obrigados a aceptar e facer cumprir as directrices emanadas do Comité Galego de Xuíces e aceptar e facer cumprir os Regulamentos e Normativas da Federación Galega de Atletismo.*

## REGULAMENTO INTERNO DO C.G.X.

1. As convocatorias de xuíces para as distintas competicións do calendario serán realizadas polo Comité Galego de Xuíces (ou pola persoa na que delegue esta función).
2. As convocatorias faranse de xeito habitual por correo electrónico. Na convocatoria se indicará a data límite que considere oportuna para anotarse, en función de cada competición.  
O Delegado ten a potestade de decidir que xuíces asistirán á Competición, no caso de que se anoten máis dos necesarios.  
O número de xuíces convocados axustarase ás normativas en vigor da FGA para cada tipo de probas, ou as necesidades específicas da proba a cubrir.
3. Os xuíces terán que anotarse para cada competición antes da data límite. Ademais, informarán no caso de non poder desenvolver unha labor en concreto (por motivos de saúde ou molestias físicas temporais).
4. No caso de non cubrir o xurado cós xuíces da súa delegación, o Delegado será o responsable de solicitar ó CGX os reforzos que considere necesarios.  
Non se poderán solicitar de maneira nominativa xuíces a outras delegacións.
5. Os delegados que reciban solicitude de xuíces para outra Delegación, farán a consulta entre os seus xuíces, e decidirán os que acudirán no caso de que teña máis anotados que vacantes soliciten.  
Así mesmo, supervisará a distribución dos xuíces nos coches. No caso de que algún xuíz non desexa compartir coche poderá ser substituído por outro ou desprazarse pola súa conta sen retribución dos gastos da viaxe. En ningún caso a delegación receptora abonará máis coches dos necesarios (salvo causas moi excepcionais como poden ser a necesidade de especialistas, e sempre baixo a supervisión do CGX).
6. Unha vez decididos os xuíces que formarán parte do xurado, serán comunicados ó Director de Reunión designado.
7. Só poderán actuar os xuíces convocados.

8. Por norma xeral, os xuíces terán que estar a disposición do Director de Reunión 45 minutos antes do comezo da Competición (salvo aqueles que necesiten estar antes para desenvolver a súa función).  
No caso de que algún xuíz non puidese estar a tempo terá que comunicalo, e será decisión do Director de Reunión (previa comunicación ó Delegado de Xuíces), de aceptalo ou substituílo por outro xuíz.
9. Tódolos xuíces terán que actuar có uniforme oficial do CGX. Se intentará evitar levar prendas a maiores (como mochilas, bolsas...), procurando saír á pista só có material necesario para a súa función. O uniforme hai que levalo de xeito correcto.  
No caso de non vestir o uniforme oficial, por falta dalgunha das prendas do mesmo, procurarase substituíla por roupa o máis parecida posible. En ningún caso se utilizarán pantalón curto, bermudas, camisetas sen mangas, ou roupa rechamante ou indecorosa.
10. O Director de Reunión poderá impedir a actuación daqueles xuíces que non cumpran coas normas internas do Comité. Nese caso, dito xuíz non aparecerá no xurado da competición (e non terá dereito a cobrar a actuación).
11. Os xuíces estarán a dispor do Director de Reunión ata a finalización oficial da competición. Os xuíces poderán abandonar a zona de competición finalizando a súa misión cando o Director de Reunión llo comunique.  
Aqueles xuíces que abandonen a competición sen este requisito poderán ver reducida ou eliminada a súa dieta de actuación.  
Así mesmo, aqueles xuíces que por vontade propia se manteñan na competición, unha vez avisados polo Director de Reunión de que a súa presenza xa non é necesaria, non terán dereito, no seu caso, ó suplemento de xornada e media.
12. O Director de Reunión facilitará, sempre que sexa posible, o retorno dos xuíces de outras delegacións, así como liberar o xurado de maneira que non implique a presenza de xuíces sen función na competición.  
A viaxe de regreso se iniciará en canto tódolos xuíces do coche sexan liberados das súas funcións polo Director de Reunión, salvo que a totalidade dos xuíces que acudan estean de acordo en retrasar o regreso por calquera motivo. En ningún caso retrasarase o regreso se algún xuíz dos que acude no coche non o desexa.
13. Se algún xuíz se negara expresamente a desenvolver a función asignada, sen motivo xustificado, verá reducida ou eliminada a súa dieta de actuación (por decisión da Xunta Directiva do CGX tras proposta do Director de Reunión).  
Neste punto, as seguintes actuacións se consideran inadmisibles e poden ser susceptibles da privación do cobro da actuación nesa competición, da non convocatoria a competicións por parte do CGX ou de dar curso ante os órganos disciplinarios contemplados nos estatutos e regulamentos da FGA :

- a. A mala aplicación do regulamento IAAF e dos regulamentos particulares, que implique prexuízo ós atletas que están participando e ó desenvolvemento da competición.
  - b. O desempeño anómalo da función encomendada que implique prexuízo ós atletas que están participando e o desenvolvemento da competición.
  - c. A omisión das directrices dadas polo xefe da proba, polo xuíz árbitro, polo Director de Reunión ou polo CGX.
  - d. O trato non correcto cara os atletas, adestradores e público.
  - e. O descoido da súa función por desatención (ou ben por estar pendente do que sucede en outras zonas da competición), o por calquera outra cuestión que non suceda na zona de competición na que está asignado.
  - f. Atribuírse funcións ou tomar decisións que non corresponden ás labores de xuíz, e que impliquen un prexuízo ós atletas que están participando e ó desenvolvemento da competición.
  - g. Suspende ou cancelar, sen causa xustificada e sen ter esgotadas tódalas posibles solucións, unha competición.
  - h. A notoria falta de dilixencia ó redactar os informes, describindo os sucesos de maneira equívoca ou omitindo datos de maneira intencionada.
  - i. Non presentar os informes que lle correspondan en tempo e forma.
  - j. Interferir, manipular ou presionar indebidamente as decisións de outros xuíces.
  - k. Actuar como xuíz, identificarse como xuíz ou utilizar o uniforme de xuíz, en eventos non oficiais ou non autorizados pola FGA ou RFEA.
14. A Xunta Directiva do CGX (ou a Comisión Permanente se está formada) aplicará as medidas propostas neste regulamento previa comunicación do Director de Reunión, Xuíz Árbitro ou calquera membro da propia xunta directiva do CGX. Para elo poderá escoitar a tódalas partes e decidirá as medidas a tomar.
- Ditas medidas poderán ir dende unha advertencia e posible redución da dieta para os casos máis leves, á suspensión de convocatoria a competicións tanto na súa delegación como por parte do CGX durante un máximo de 6 meses para os casos máis graves.
- Asímesmo informarase a tódolos delegados a data a partir da que é efectiva a suspensión.
- Nos casos máis graves poderá decidir elevar a decisión a instancias superiores federativas.

## **CÓDIGO DE CONDUCTA DENTRO DA ZONA DE COMPETICIÓN DURANTE A MESMA**

- 1. Demostrar a través de palabras e accións o espírito da deportividade e da conducta ética.
- 2. Tratar ós demais con respecto e absterse de comentarios ou conducta negativos ou despectivos.
- 3. Cumprir en todo momento os estatutos, políticas, normas e regulamentos de Atletismo aprobados pola FGA, RFEA ou IAAF.
- 4. Respetar os dereitos humanos básicos; é dicir, a igualdade de dereitos de tódalas persoas involucradas no atletismo, sen discriminación de xénero, raza, cor, idioma, relixión, política ou de outra índole.

5. Absterse de consumir alcol, comida ou tabaco durante o desempeño da nosa función nunha competición.
6. Traballar con espírito de cooperación, axudando a outros xuíces con menos experiencia.
7. Absterse de, e non tolerar, calquera tipo de acoso ou abuso, sexa verbal, físico, mental ou sexual dos atletas, os seus familiares, adestradores ou calquera persoa relacionada coa competición.
8. Recoñecer e respectar a IAAF, a RFEA e a FGA, así como ós seus regulamentos e normas.
9. En todo momento ser honesto. Non utilizar os teus coñecementos ou experiencia para facer afirmacións falsas.
10. O traballo en equipo é o aspecto máis importante. E esencial apoiarnos uns a outros durante a competición.
11. A aparencia persoal e a actitude son de vital importancia.

En todo caso é necesario ter en conta que os xuíces estamos para facer cumprir o regulamento. A nosa actitude será sempre correcta có atleta, con adestradores ou familiares.

Se pode ser xusto sen enfrontarse a ninguén e utilizando boas palabras.

Tamén se inclúen os organizadores, ós que nos dirixiremos sempre amablemente, con actitude colaboradora e sen esperar ningunha recompensa material.

No caso de que recibamos algún insulto pola nosa actuación, nunca nos enfrontaremos a quen o pronuncia. Se paralizará a proba en canto sexa posible, informando ó Xuíz Árbitro e o Director de Reunión, e será indicado no informe do Xuíz Árbitro que se envía o Comité Galego de Xuíces para a súa tramitación ante o Comité de Disciplina Deportiva.

Ninguén está obrigado a acudir a unha Competición. A asistencia voluntaria implica unha predisposición a contribuír ó bo desenvolvemento da competición, e nunca a obstaculizala.

As regras de ouro dun xuíz son as seguintes:

- O sentido común e o tacto
- Alto nivel de concentración
- Rápida reacción
- Actitude decisiva, pero non brusca
- Coñecemento e comprensión das normas de competición
- Entendemento das necesidades do atleta

## **REGULAMENTO INTERNO DO COMITÉ GALEGO DE XUÍCES DE ATLETISMO**

### **ANTECEDENTES**

Segundo o Regulamento do Comité Galego de Xuíces, no seu artigo 17:

*Os Xuíces do Comité Galego de Xuíces, polo feito de tramitar voluntariamente a licenza, están obrigados a aceptar e facer cumprir as directrices emanadas do Comité Galego de Xuíces e aceptar e facer cumprir os Regulamentos e Normativas da Federación Galega de Atletismo.*

### **REGULAMENTO INTERNO DO C.G.X.**

1. As convocatorias de xuíces para as distintas competicións do calendario serán realizadas polo Comité Galego de Xuíces (ou pola persoa na que delegue esta función).
2. As convocatorias faranse de xeito habitual por correo electrónico. Na convocatoria se indicará a data límite que considere oportuna para anotarse, en función de cada competición.  
O Delegado ten a potestade de decidir que xuíces asistirán á Competición, no caso de que se anoten máis dos necesarios.  
O número de xuíces convocados axustarase ás normativas en vigor da FGA para cada tipo de probas, ou as necesidades específicas da proba a cubrir.
3. Os xuíces terán que anotarse para cada competición antes da data límite. Ademais, informarán no caso de non poder desenvolver unha labor en concreto (por motivos de saúde ou molestias físicas temporais).
4. No caso de non cubrir o xurado cós xuíces da súa delegación, o Delegado será o responsable de solicitar ó CGX os reforzos que considere necesarios.  
Non se poderán solicitar de maneira nominativa xuíces a outras delegacións.
5. Os delegados que reciban solicitude de xuíces para outra Delegación, farán a consulta entre os seus xuíces, e decidirán os que acudirán no caso de que teña máis anotados que vacantes soliciten.  
Así mesmo, supervisará a distribución dos xuíces nos coches. No caso de que algún xuíz non desexe compartir coche poderá ser substituído por outro ou desprazarse pola súa conta sen retribución dos gastos da viaxe. En ningún caso a delegación receptora abonará máis coches dos necesarios (salvo causas moi excepcionais como poden ser a necesidade de especialistas, e sempre baixo a supervisión do CGX).

## **REGULAMENTO INTERNO DO COMITÉ GALEGO DE XUÍCES DE ATLETISMO**

6. Unha vez decididos os xuíces que formarán parte do xurado, serán comunicados ó Director de Reunión designado.
7. Só poderán actuar os xuíces convocados.
8. Por norma xeral, os xuíces terán que estar a disposición do Director de Reunión 45 minutos antes do comezo da Competición (salvo aqueles que necesiten estar antes para desenvolver a súa función).  
No caso de que algún xuíz non puidese estar a tempo terá que comunicalo, e será decisión do Director de Reunión (previa comunicación ó Delegado de Xuíces), de aceptalo ou substituílo por outro xuíz.
9. Tódolos xuíces terán que actuar cón uniforme oficial do CGX. Se intentará evitar levar prendas a maiores (como mochilas, bolsas...), procurando saír á pista só cón material necesario para a súa función. O uniforme hai que levalo de xeito correcto.  
No caso de non vestir o uniforme oficial, por falta dalgunha das prendas do mesmo, procurarase substituíla por roupa o máis parecida posible. En ningún caso se utilizarán pantalón curto, bermudas, camisetas sen mangas, ou roupa rechamante ou indecorosa.
10. O Director de Reunión poderá impedir a actuación daqueles xuíces que non cumpran coas normas internas do Comité. Nese caso, dito xuíz non aparecerá no xurado da competición (e non terá dereito a cobrar a actuación).
11. Os xuíces estarán a dispor do Director de Reunión ata a finalización oficial da competición. Os xuíces poderán abandonar a zona de competición finalizando a súa misión cando o Director de Reunión llo comunique.  
Aqueles xuíces que abandonen a competición sen este requisito poderán ver reducida ou eliminada a súa dieta de actuación.  
Así mesmo, aqueles xuíces que por vontade propia se manteñan na competición, unha vez avisados polo Director de Reunión de que a súa presenza xa non é necesaria, non terán dereito, no seu caso, ó suplemento de xornada e media.
12. O Director de Reunión facilitará, sempre que sexa posible, o retorno dos xuíces de outras delegacións, así como liberar o xurado de maneira que non implique a presenza de xuíces sen función na competición.  
A viaxe de regreso se iniciará en canto tódolos xuíces do coche sexan liberados das súas funcións polo Director de Reunión, salvo que a totalidade dos xuíces que acudan estean de acordo en retrasar o regreso por calquera motivo. En ningún caso retrasarase o regreso se algún xuíz dos que acude no coche non o desexa.



## **REGULAMENTO INTERNO DO COMITÉ GALEGO DE XUÍCES DE ATLETISMO**

13. Se algún xuíz se negara expresamente a desenvolver a función asignada, sen motivo xustificado, verá reducida ou eliminada a súa dieta de actuación (por decisión da Xunta Directiva do CGX tras proposta do Director de Reunión).

Neste punto, as seguintes actuacións se consideran inadmisibles e poden ser susceptibles da privación do cobro da actuación nesa competición, da non convocatoria a competicións por parte do CGX ou de dar curso ante os órganos disciplinarios contemplados nos estatutos e regulamentos da FGA :

- a. A mala aplicación do regulamento IAAF e dos regulamentos particulares, que implique prexuízo ós atletas que están participando e ó desenvolvemento da competición.
- b. O desempeño anómalo da función encomendada que implique prexuízo ós atletas que están participando e o desenvolvemento da competición.
- c. A omisión das directrices dadas polo xefe da proba, polo xuíz árbitro, polo Director de Reunión ou polo CGX.
- d. O trato non correcto cara os atletas, adestradores e público.
- e. O descoído da súa función por desatención (ou ben por estar pendente do que sucede en outras zonas da competición), o por calquera outra cuestión que non suceda na zona de competición na que está asignado.
- f. Atribuírse funcións ou tomar decisións que non corresponden ás labores de xuíz, e que impliquen un prexuízo ós atletas que están participando e ó desenvolvemento da competición.
- g. Suspende ou cancelar, sen causa xustificada e sen ter esgotadas tódalas posibles solucións, unha competición.
- h. A notoria falta de dilixencia ó redactar os informes, describindo os sucesos de maneira equívoca ou omitindo datos de maneira intencionada.
- i. Non presentar os informes que lle correspondan en tempo e forma.
- j. Interferir, manipular ou presionar indebidamente as decisións de outros xuíces.
- k. Actuar como xuíz, identificarse como xuíz ou utilizar o uniforme de xuíz, en eventos non oficiais ou non autorizados pola FGA ou RFEA.
- l. Solicitar recompensas ou calquera material promocional (por exemplo, camisetas) aos organizadores.

14. A Xunta Directiva do CGX (ou a Comisión Permanente se está formada) aplicará as medidas propostas neste regulamento previa comunicación do Director de Reunión, Xuíz Árbitro ou calquera membro da propia xunta directiva do CGX. Para elo poderá escoitar a tódalas partes e decidirá as medidas a tomar.

Ditas medidas poderán ir dende unha advertencia e posible redución da dieta para os casos máis leves, á suspensión de convocatoria a competicións tanto na súa delegación como por parte do CGX durante un máximo de 6 meses para os casos máis graves.



## REGULAMENTO INTERNO DO COMITÉ GALEGO DE XUÍCES DE ATLETISMO

Asímesmo informarase a tódolos delegados a data a partir da que é efectiva a suspensión.

Nos casos máis graves poderá decidir elevar a decisión a instancias superiores federativas.

### CÓDIGO DE CONDUCTA DENTRO DA ZONA DE COMPETICIÓN DURANTE A MESMA

1. Demostrar a través de palabras e accións o espírito da deportividade e da conducta ética.
2. Tratar ós demais con respecto e absterse de comentarios ou conducta negativos ou despectivos.
3. Cumprir en todo momento os estatutos, políticas, normas e regulamentos de Atletismo aprobados pola FGA, RFEA ou IAAF.
4. Respetar os dereitos humanos básicos; é dicir, a igualdade de dereitos de tódalas persoas involucradas no atletismo, sen discriminación de xénero, raza, cor, idioma, relixión, política ou de outra índole.
5. Absterse de consumir alcol, comida ou tabaco durante o desempeño da nosa función nunha competición.
6. Traballar con espírito de cooperación, axudando a outros xuíces con menos experiencia.
7. Absterse de, e non tolerar, calquera tipo de acoso ou abuso, sexa verbal, físico, mental ou sexual dos atletas, os seus familiares, adestradores ou calquera persoa relacionada coa competición.
8. Recoñecer e respectar a IAAF, a RFEA e a FGA, así como ós seus regulamentos e normas.
9. En todo momento ser honesto. Non utilizar os teus coñecementos ou experiencia para facer afirmacións falsas.
10. O traballo en equipo é o aspecto máis importante. E esencial apoiarnos uns a outros durante a competición.
11. A aparencia persoal e a actitude son de vital importancia.

En todo caso é necesario ter en conta que os xuíces estamos para facer cumprir o regulamento. A nosa actitude será sempre correcta có atleta, con adestradores ou familiares.

Se pode ser xusto sen enfrontarse a ninguén e utilizando boas palabras.

Tamén se inclúen os organizadores, ós que nos dirixiremos sempre amablemente, con actitude colaboradora e sen esperar ningunha recompensa material.

No caso de que recibamos algún insulto pola nosa actuación, nunca nos enfrontaremos a quen o pronuncia. Se paralizará a proba en canto sexa posible, informando ó Xuíz Árbitro e

## REGULAMENTO INTERNO DO COMITÉ GALEGO DE XUÍCES DE ATLETISMO

o Director de Reunión, e será indicado no informe do Xuíz Árbitro que se envía o Comité Galego de Xuíces para a súa tramitación ante o Comité de Disciplina Deportiva.

Ninguén está obrigado a acudir a unha Competición. A asistencia voluntaria implica unha predisposición a contribuír ó bo desenvolvemento da competición, e nunca a obstaculizala.

As regras de ouro dun xuíz son as seguintes:

- O sentido común e o tacto
- Alto nivel de concentración
- Rápida reacción
- Actitude decisiva, pero non brusca
- Coñecemento e comprensión das normas de competición
- Entendemento das necesidades do atleta